

ACTA DA SESIÓN REALIZADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR O 15 DE MAIO DE 2024

Sendo as 08:30 horas do día 15/05/2024, reúnese de xeito telemático o Tribunal Cualificador encargado do proceso selectivo para a provisión dunha praza de AVOGADO/A DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER, PERSOAL LABORAL FIXO, composto por:

Presidenta:

Titular: María Fernanda Montero Parapar, secretaria-interventora do Concello de Catoira.

Vogais:

Titular: Carmen Miranda Posse, directora do CIM do Concello de Silleda

Titular: Araceli Mira García, asesora xurídica do CIM do Concello da Coruña

Titular: Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da Área de Acción Social do Concello de Santiago de Compostela

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Na sesión do tribunal realizada o 02/05/2019, acordouse:

“ Proceder ao estudo pormenorizado das alegacións e emprazar ás membros para o vindeiro día 15 de maio de 2024.”.

Procédese a expoñer o contido das alegacións presentadas.

Primeira- Rex. Entrada número 20249990000130 do 15/01/2024.

Expón a alegante que presentou cursos relacionados cuxo total suman máis de 800 horas polo que entende que a puntuación outorgada non se corresponde ca que se obtería de ter en conta todos os méritos alegados.

Indica así mesmo que descoñece cal foi o criterio de valoración e os cursos que se tiveron en conta e cales non, o cal lle xera unha gran indefensión á hora de facer alegacións ao considerar que a puntuación que lle corresponde é a máxima.

En resposta ao alegado cómpre, en primeiro termo, indicar que na acta da sesión realizada por este Tribunal o día 19/12/2023 faise constar o seguinte: *“Previa deliberación do Tribunal sobre a interpretación do parágrafo: “Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante copia da titulación correspondente. Valoraranse, así mesmo, os cursos que versen sobre materias de carácter transversal (igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática, protección de datos, administración electrónica, linguaxe galega administrativa e/ou xurídica). En ambos os dous casos só se valorarán os cursos impartidos ou homologados por organismos públicos, colexios profesionais, sindicatos, e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculada ou dependente de calquera das Administracións Públicas e Universidades Públicas acreditados oficialmente, que estean relacionados coa praza obxecto da convocatoria”, adóptase polo Tribunal o criterio de entender avaliábeis os cursos de formación sempre que estean relacionados coa praza obxecto da convocatoria e os cursos transversais que sexan relativos a igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática, protección de datos, administración electrónica, linguaxe galega administrativa e/ou xurídica.*

É dicir, os cursos avaliados a criterio do Tribunal son, por unha banda, os relacionados coa praza obxecto da convocatoria para o cal se tiveron as funcións que corresponden á praza ao abeiro do regulado en conta o *“Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento”*; e, por outra banda, os cursos transversais relativos ás materias especificamente recollidas nas bases, é dicir, igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, procedemento administrativo común, informática, protección de datos, administración electrónica, linguaxe galega administrativa e/ou xurídica.

Polo anterior, revisados os méritos por cursos de formación e especialización presentados pola alegante resulta o seguinte:

- Non se aportan méritos por cursos de formación relacionados coa praza obxecto da convocatoria segundo as funcións que corresponden á praza ao abeiro do regulado en conta o *“Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento”*.
- Non se aportan méritos por cursos transversais relacionados con igualdade de xénero, transparencia, prevención de riscos laborais, protección de datos, administración electrónica, linguaxe galega administrativa e/ou xurídica.
- Apórtase e valórase o curso *“Ofimática”* (134 horas a 0,10 puntos por hora = 13,4 puntos)
- Apórtase e valórase o curso *“La responsabilidad patrimonial en las Administraciones Públicas”* xa que a Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula determinados aspectos da responsabilidade patrimonial (12 horas a 0,10 puntos por hora = 1,2 puntos)

En consecuencia, entende o Tribunal que **procede desestimar as alegacións** formuladas mediante escrito presentado con Rex. Entrada número 202499900000130 do 15/01/2024, e manter a puntuación outorgada.

Segunda.- Rex. Entrada número 202 do 15/01/2024.

Expón a alegante o seguinte, en síntese, o seguinte:

Un.- Normativa que a alegante considera de aplicación.

1º.- Bases do procedemento de selección, cuxa base novena indica que o tribunal cualificará os méritos de experiencia profesional por servizos prestados realizando funcións/tarefas relacionadas co desempeño da praza que se convoca.

O Tribunal apunta que a base novena das que regulan o procedemento de selección refírese á experiencia profesional indicando que se deben valorar os servizos prestados realizando funcións ou tarefas relacionadas coa praza convocada, e que a base oitava especifica que deberá aportarse un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade cando da documentación achegada non se deduzan claramente as función e prazas desempeñadas.

2º.- Estatuto dos Traballadores cuxo artigo 46.1 recolle que a excedencia forzosa dará dereito á conservación do posto e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia.

O Tribunal apunta que o Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores reza que a excedencia forzosa dará

dereito ao cómputo da antigüidade, se ben experiencia non é equivalente a antigüidade dado que non son conceptos unívocos.

3º.- Convenio colectivo do Concello de Teo que declara aplicable ao persoal laboral a normativa vixente para o persoal funcionario e, en cada caso, a norma mais favorable para o persoal traballador.

4º.- Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cuxo artigo 2.4 indica que o sistema de selección será o concurso – oposición cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate.

O Tribunal trae a colación a Sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Madrid de 18/01/2018 (Recurso 398/2016) afirma que: *“En consecuencia, no se computará a estos efectos el tiempo que se haya permanecido fuera del centro en situación de servicios especiales, ya que lo que se pretende a efectos de la valoración cuestionada según el baremo es el desempeño efectivo del puesto de trabajo específico desde el que se participa. Por tanto, no es posible aceptar la interpretación que pretende el recurrente, es decir que permita subsumir como servicios prestados en un cuerpo de instituciones penitenciarias los desempeñados como Concejal”*.

5º.- Criterios comúns para a elaboración das convocatorias de estabilización do emprego público en Galicia, onde se indica que a experiencia profesional avaliable é aquela que pode ter a consideración de traballo efectivo na situación de servizo activo ou equivalente pero tamén períodos de excedencia por coidado familiares, violencia xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa.

Fai constar o Tribunal que o citado documento que recolle os ditos criterios indica o seguinte *“preséntanse os seguintes criterios comúns de actuación que poderán, con absoluto respecto ao principio de Autonomía Local, servir de guía e orientación para a elaboración das bases das convocatorias (...)”* de maneira que prima o recollido nas bases de estabilización do emprego temporal do Concello de Teo fronte aos citados criterios que se ofreceron como guía e/ou orientación.

Apunta o Tribunal que o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia (DOG núm. 188, do 03/10/2016) configura os CIM como un conxunto de recursos das entidades locais, desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico (entre outros) así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Para garantir dito asesoramento especializado, indícase no seu Capítulo II, artigo 10, letra c), en relación á figura do/a asesor/a xurídica que dito profesional deberá contar con formación e experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero e que dita experiencia deberá ser acreditada polo traballo realizado en entidades públicas o privadas como asesora/or xurídica/o en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón do xénero e tamén en materia de violencia de xénero e despréndese das bases que o que se pretende valorar é a experiencia profesional por servizos prestados.

Dous.- Aplicación subsidiaria da normativa funcionarial.

Fai referencia a alegante á normativa funcionarial, aplicable en virtude do disposto no Convenio Colectivo do Concello de Teo, entre a cal se atopa o artigo 87 do Real Decreto

Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, regulador dos servizos especiais.

O Tribunal apunta que o apartado 2 do citado artigo indica que *“Quienes se encuentren en situación de servicios especiales percibirán las retribuciones del puesto o cargo que desempeñen y no las que les correspondan como funcionarios de carrera, sin perjuicio del derecho a percibir los trienios que tengan reconocidos en cada momento. El tiempo que permanezcan en tal situación se les computará a efectos de ascensos, reconocimiento de trienios, promoción interna y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación. (...)”*; non obstante non recolle o artigo referencia algunha á experiencia que en ningún caso é equiparable aos conceptos de ascensos, trienios, promoción interna ou dereitos no réxime de Seguridad Social.

Continúa a alegante referíndose á Lei 2/2015 de 29 de abril do Emprego Público de Galicia cuxo artigo 80 regula a promoción interna vertical do persoal funcionario de carreira, se ben entende o Tribunal a súa non aplicación por non atoparse ante un proceso de promoción interna, nin existir analogía de xeito algún cun procedemento excepcional como é o da consolidación/estabilización.

Finalmente indica a alegante que considera vulnerado o artigo 23 da Constitución Española se ben o Tribunal estima que o dereito a participar nos asuntos públicos e o acceso en condicións de igualdade aos empregos e cargos non están comprometidos ao se dar cumprimento a unhas bases aprobadas legalmente e que non teñen sido impugnadas.

Tres.- Aplicación do criterio recollido na Sentenza do Tribunal Supremo de 19 de xaneiro de 2023.

Entende a alegante aplicable ao seu caso a Sentenza do Tribunal Supremo de 19 de xaneiro de 2023, conforme á cal, o tempo en excedencia por coidado de fillos, debe contar como tempo de traballo efectivo e computarse tanto nos procesos selectivos de ingreso na función pública como nos de provisión de postos de traballo.

Considera o Tribunal que non procede a aplicación do recollido na citada Sentenza posto que non nos atopamos ante una situación administrativa de excedencia voluntaria por coidado de fillos senón ante unha situación de servizos especiais.

Así, o Tribunal Superior de Justicia de Madrid, Sala de lo Contencioso – administrativo, Sección 7ª, Sentencia 196/2024 de 22 Feb. 2024, Rec. 1817/2021 recolle que *“(...) Por ello hemos de acudir a las previsiones contenidas en el artículo 87.2 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de Octubre, que aprobó el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, que dispone, de manera particular respecto de los funcionarios de carrera declarados en situación de "servicios especiales", que: "El tiempo que permanezcan en tal situación se les computará a efectos de ascensos, reconocimiento de trienios, promoción interna y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación”*.

Pues bien, así las cosas hemos de poner de relieve que conforme ha señalado nuestro Tribunal Supremo, Sala Tercera, en Sentencia de 21 de Julio de 2023 (recurso 290/2022) "no cabe olvidar que la situación de servicios especiales es, según reiterada doctrina Constitucional (véase Sentencia del Tribunal Constitucional 99/1987) y Jurisprudencial, una situación de privilegio que, como tal, ha de ser objeto de interpretación y aplicación estricta", añadiendo que "a este respecto conviene precisar, además, que la situación de servicios especiales no deja de ser una suerte de ficción jurídica en virtud de la cual el legislador permite que la carrera profesional del interesado continúe "viva" y que, en definitiva, éste progrese en ella como si continuase en la situación de servicio activo, manteniendo los

beneficios que le corresponderían de ordinario en tal situación (antigüedad, trienios, eventuales ascensos, etc.)".

Partiendo pues de la consideración de la situación de "servicios especiales" como privilegio y de interpretación restrictiva, la misma no admite comparación con la situación administrativa de excedencia por cuidado de familiares (hijos), a la que sí se refieren las bases de la convocatoria, respecto de la cual nuestro Tribunal Supremo ha establecido en Sentencia de 17 de Diciembre de 2020 (casación 1365/2019), aunque fuera en un supuesto de valoración de méritos en un concurso, una doctrina que va más allá del supuesto concreto en que la indicada Sentencia se dictó, dando respuesta a la cuestión de interés casacional planteada e indicando que: "Las previsiones del artículo 57 de la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de Marzo, para la Igualdad Efectiva de Mujeres y Hombres, tienen efecto directo imponiendo una valoración de la situación administrativa de excedencia voluntaria por cuidado de familiares idéntica a la que se otorga a la situación de servicio activo" pues "se trata, de que la carrera profesional de las personas que hayan optado por hacer uso de uno de los permisos de protección a la maternidad y la conciliación de la vida personal, familiar y laboral a que se refiere el artículo 56 de la L.O. de Igualdad que incluye el régimen de excedencia, no se vea afectada negativamente por el ejercicio de tal derecho", a cuyo fin, señala nuestro Alto Tribunal, debe tenerse "en cuenta el objetivo de la eliminación de las desigualdades entre mujeres y hombres fijado como política de la Unión Europea en sus Directivas 76/207/CEE y 2002/73/ CE, antecedentes de la L.O. 3/2007, cuyos artículos deben integrarse con el precitado artículo 57. Así, el artículo 3 consagra el principio de igualdad como la ausencia de toda discriminación derivada de la asunción de obligaciones familiares y el artículo 51, que las Administraciones Públicas, en el ámbito de sus respectivas competencias deben remover obstáculos que impliquen la pervivencia de cualquier tipo de discriminación con el fin de ofrecer condiciones de igualdad efectiva entre mujeres y hombres en el desarrollo de la carrera profesional".

*La interpretación restrictiva que exige la consideración de la situación de "servicios especiales" como hemos dicho, **no permite inferir que el legislador aprecie esta situación administrativa como muy cercana y por ello equiparable a la situación de "servicio activo"** y ello porque, si así hubiera sido bastaría con que así se hubiera indicado por el legislador en el artículo 87.2 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de Octubre, que aprobó el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, cosa que no ha hecho, razón por la que al disponer el mismo que el tiempo que se permanezca en tal situación se computará a efectos de ascensos, reconocimiento de trienios, promoción interna y derechos en el régimen de Seguridad Social que les sea de aplicación, estos concretos supuestos son los únicos en los que se reconoce el tiempo en cuestión, pero no más allá de ellos al no ser los mismos un número abierto de supuestos susceptible de ampliación alguna, no siendo posible la equiparación de la situación de "servicios especiales" a la de "servicio activo" sin más."*

Catro.- Non valoración por parte do Tribunal dos servizos prestados a tempo parcial como servizos prestados a xornada completa.

En primeiro termo considera o Tribunal errónea a apreciación efectuada pola alegante posto que a puntuación obtida non deriva da consideración do tipo de xornada senón do disposto na base oitava das que regulan o proceso que indica "Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados", así como na base novena que recolle "Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes".

Da documentación aportada para acreditar os méritos, extráese a que alegante prestou servizos nos seguintes Concellos e datas:

Concello de Arzúa: dende o 24/11/2003 a 23/02/2004 (3 meses)

Concello de Teo: dende o 01/09/2006 a 02/04/2009 (2 anos, 7 meses e 3 días = 31 meses)
Concello de Melide: dende o 04/12/2006 a 03/12/2007 (12 meses non computables ao abeiro do disposto na base oitava)
Concello de Arzúa: dende o 10/03/2009 a 01/04/2009 (22 días non computables ao abeiro do disposto na base oitava e na base novena)
Concello de Melide: dende o 10/04/2008 a 02/04/2009 (11 meses e 23 días non computables ao abeiro do disposto na base oitava)

En consecuencia, entende o Tribunal que **procede desestimar as alegacións** formuladas mediante escrito presentado con Rex. Entrada número **202 do 15/01/2024** e manter a puntuación outorgada.

Finalmente indica a alegante que descoñece os criterios tidos en conta para a baremación polo que se solicita a posta a disposición dos criterios acordados polo tribunal.

Ao abeiro de todo o anterior, o Tribunal **ACORDA por unanimidade:**

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións formuladas mediante escrito presentado con Rex. Entrada número 202499900000130, polos motivos indicados no apartado “*primeira*” da presente acta.

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións formuladas mediante escrito presentado con Rex. de Entrada número 202 do 15/01/2024 polos motivos indicados no apartado “*segunda*” da presente acta.

TERCEIRO.- Considerar definitiva a baremación provisional da fase de concurso recollida na acta do 19/12/2023 e que a seguir se transcribe:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
1	LODEIRO PAZ, ESTEFANÍA ANTONIA	***1990**	70 puntos	30 puntos	100 puntos
2	MÍGUEZ PEREIRA, SILVIA	***7047**	70 puntos	30 puntos	100 puntos
3	PRADO DEL RÍO, PAULA	***8938**	16,66 puntos	30 puntos	46,66 puntos
4	GONZÁLEZ GÓMEZ, MÓNICA	***7726**	0 puntos	14,6 puntos	14,6 puntos

CUARTO.- Resolver o empate producido entre as puntuacións correspondentes a dúas das aspirantes a favor da candidata LODEIRO PAZ, ESTEFANÍA ANTONIA con DNI ***1990**, por aplicación do indicado na base novena das que regulan o proceso que indica:

“No caso de empate nas puntuacións de dúas ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva: en primeiro lugar, atenderase á puntuación obtida no apartado experiencia profesional de seguir aquel, a persoa que ocupase máis tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos (...).”

As aspirantes LODEIRO PAZ, ESTEFANÍA ANTONIA e MÍGUEZ PEREIRA, SILVIA obtiveron a mesma puntuación no apartado experiencia profesional.

A aspirante LODEIRO PAZ, ESTEFANÍA ANTONIA foi a persoa que ocupou mais tempo a praza obxecto do presente proceso selectivo nos últimos 12 anos.

QUINTO.- Elevar á alcaldía a seguinte relación de persoas candidatas que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación, para o seu nomeamento/contratación:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
1	LODEIRO PAZ, ESTEFANÍA ANTONIA	***1990**	70 puntos	30 puntos	100 puntos
2	MÍGUEZ PEREIRA, SILVIA	***7047**	70 puntos	30 puntos	100 puntos
3	PRADO DEL RÍO, PAULA	***8938**	16,66 puntos	30 puntos	46,66 puntos
4	GONZÁLEZ GÓMEZ, MÓNICA	***7726**	0 puntos	14,6 puntos	14,6 puntos

SEXTO.- Propoñer á Alcaldía á creación dunha bolsa de emprego para a praza convocada integrada polas aspirantes finalmente non seleccionadas pero que superaron o proceso selectivo seguintes:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MÍGUEZ PEREIRA, SILVIA	***7047**	70 puntos	30 puntos	100 puntos
2	PRADO DEL RÍO, PAULA	***8938**	16,66 puntos	30 puntos	46,66 puntos
3	GONZÁLEZ GÓMEZ, MÓNICA	***7726**	0 puntos	14,6 puntos	14,6 puntos

SÉTIMO.- Proceder á publicación da baremación definitiva da fase de concurso no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Teo.

OITAVO.- Atender a solicitude efectuada mediante escrito presentado con Rex. Entrada número 202 do 15/01/2024 a fin de que por parte do órgano competente se poña á disposición da interesada a documentación en poder do Tribunal.

Non habendo máis asuntos a tratar dase por remato o acto, estendéndose a presente acta que é asinada por todas as membros do tribunal, do que dou fe.

Documento asinado dixitalmente

*Presidenta, María Fernanda Montero Parapar
Vogais, Carmen Miranda Posse, Araceli Mira García, Teresa Furelos Toral
Secretaria, Sandra María García Chenlo*